



XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Concello de Alfoz solicita de Augas de Galicia a autorización de obras na zona de dominio público hidráulico, zona de servidume e zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27. 83324.

As obras solicitadas consisten nas obras da mellora de varios camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas nos lugares de A Pinguela e A Rúa. O camiño de A Pinguela encóntrase situado na zona de servidume e policía dun rego innominado, no lugar de A Pinguela, parroquia de San Vicente da Lagoa, no concello de Alfoz, Lugo. O camiño de A Rúa encóntrase situado sobre o dominio público hidráulico, zona de servidume e policía do rego dos Agros, no lugar de A Rúa, parroquia de Santa María do Pereiro, no concello de Alfoz, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 29 de abril de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1190

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 08/04/2022 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 11/2022 baixo a modalidade de crédito extraordinario 01/2022, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 182.100,00 €.

O expediente someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 87 do 18 de abril do 2022. Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algunha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publicase o resume do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULO		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.661.496,56
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	75.800,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	631.977,14

4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.218.543,74
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	667.752,50
8	ACTIVOS FINANCEIROS	909.683,78
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.175.153,72
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	2.582.762,00
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.554.330,75
3	GASTOS FINANCEIROS	7.694,04
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	332.159,50
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.213.524,47
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	483.365,23
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	11.317,73
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		8.175.153,72

Chantada, 10 de maio do 2022.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1191

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación definitiva. Modificación de Créditos 8/2022, Modalidade "Suplemento de crédito 01/2022"

O Concello Pleno, en sesión celebrada 31/03/2022, prestoulle aprobación inicial ao crédito extraordinario 1/2022.

Pasado o período de exposición pública e por non existir reclamacións, publícase definitivamente, cos datos que se recollen na contabilidade do Concello de Foz a día de hoxe:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	4.455.371,26 €

2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZO	5.486.142,05 €
3	GASTOS FINANCEIROS	94.014,68 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	346.402,04 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.624.816,33 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.561,41 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
TOTAL GASTOS		12.008.307,77 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.433.072,45 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.000,00 €
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.696.331,03 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.308.435,50 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	79.000,00 €
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	747.651,47 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	3.179.479,18 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
TOTAL INGRESOS		12.444.969,63 €

Foz, 11 de maio de 2022.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1217

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación definitiva. Modificación de Créditos 5/2022, Modalidad "Crédito extraordinario 02/2022"

O Concello Pleno, en sesión celebrada 31/03/2022, prestoulle aprobación inicial ao crédito extraordinario 1/2022.

Pasado o período de exposición pública e por non existir reclamacións, publícase definitivamente, cos datos que se recollen na contabilidade do Concello de Foz a día de hoxe:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	4.455.371,26 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZO	5.117.317,08 €
3	GASTOS FINANCEIROS	94.014,68 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	343.441,00 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0.00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.613.937,77 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.561,41 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0.00 €
TOTAL GASTOS		11.625.643,20 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.433.072,45 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.000,00 €
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.696.331,03 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.308.435,50 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	79.000,00 €
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	747.651,47 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	2.796.814,61 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
TOTAL INGRESOS		12.062.305,06 €

Foz, 11 de maio de 2022.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1218

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación definitiva. Modificación de Créditos 3/2022, Modalidad "Crédito extraordinario 01/2022"

O Concello Pleno, en sesión celebrada 31/03/2022, prestoulle aprobación inicial ao crédito extraordinario 1/2022.

Pasado o período de exposición pública e por non existir reclamacións, publícase definitivamente, cos datos que se recollen na contabilidade do Concello de Foz a día de hoxe:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	4.455.371,26 €
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZO	5.117.317,08 €
3	GASTOS FINANCEIROS	94.014,68 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	258.941,00 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0.00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.613.937,77 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.561,41 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0.00 €
TOTAL GASTOS		11.541.143,20 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.433.072,45 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.000,00 €
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.696.331,03 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.308.435,50 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	79.000,00 €
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	747.651,47 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	2.712.314,61 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
TOTAL INGRESOS		11.977.805,06 €

Foz, 11 de maio de 2022.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1219

O INCIO

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2021, por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Incio, 10 de maio do 2022.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1192

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 11/252 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL**, na parte dispositiva do cal se fai constar:

PRIMEIRO.- En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a oferta de emprego público do 2022, correspondente a prazas estruturais de persoal funcionario do Concello de Lugo desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas no suposto do artigo 2.1 da lei citada.

Especificanse grupo, escalas e subescalas, número de prazas, proceso selectivo/ quenda para cada unha delas:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Proceso selectivo/ Quenda
1	Celador/a CEIP	AP	A.E.	SERVIZOS ESPECIAIS	Concurso-oposición/ Libre reservada a discapacidade
1	Técnico/a Medio Xestión	A2	A.X.	XESTIÓN	Concurso-oposición/ Libre
1	Oficial Sepultureiro/a	C2	A.E.	SERVIZOS ESPECIAIS	Concurso-oposición/ Libre

SEGUNDO.- En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a oferta de emprego público excepcional do 2022 correspondente a prazas estruturais de persoal funcionario do Concello de Lugo desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei citada.

Especificanse grupo, escalas e subescalas, número de prazas, proceso selectivo/ quenda para cada unha delas:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Proceso selectivo/ Quenda
1	Axudante/a Cociña-Limpeza	AP	A.E.	SERVIZOS ESPECIAIS	Concurso/ Libre reservada a discapacidade intelectual
1	Celador/a CEIP	AP	A.E.	SERVIZOS ESPECIAIS	Concurso/ Libre reservada a discapacidade
1	Técnico/a de Turismo	A1	A.E.	TÉCNICA	Concurso /Libre

TERCEIRO.- Deixar sen efecto: parcialmente a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2015 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP, unha praza de acceso libre reservada a discapacidade intelectual Axudante/a Cociña-Limpeza); parcialmente, a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP, unha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión) e parcialmente a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2020 (unha praza de acceso libre Oficial Sepultureiro/a e unha praza de acceso libre Técnico/a de Turismo)

Desistir dos procesos selectivos convocados de dúas prazas de Celador/a CEIP reserva discapacitado (OEP 2015 e 2017) e dunha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión (OEP 2017).

CUARTO.- Articular os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal garantindo o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade e con cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

QUINTO.- Notificarlles este acordo aos funcionarios que desempeñan postos nas prazas obxecto de oferta.

SEXTO.- Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 10 de maio de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1193

OUROL

Anuncio

O Pleno do concello de Ouro, en sesión ordinaria celebrada o día seis de maio de dous mil vinte e dous, aprobou inicialmente o expediente de modificación do orzamento 2022, crédito extraordinario/suplemento de crédito, con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería polo importe de douscentos oitenta e cinco mil cincocentos cincuenta e tres euros con cincuenta e catro céntimos, (285.553,54 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, coa finalidade de que durante este período de tempo, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Ouro, 9 de maio de 2022.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 1194

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobada en sesión ordinaria do Pleno desta Corporación, de 5 de maio de 2022, a modificación do cadro de persoal para o exercicio económico 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Pedrafita do Cebreiro, 10 de maio de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1195

RIBADEO

Anuncio

Expediente núm.: 2088/2022

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTOS DE CONDUTORES CAMIÓN MOTOBOMBA SERVIZO EXTINCIÓN INCENDIOS FORESTAIS, DE CARACTER LABORAL FIXO-DISCONTINUO

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de persoal laboral fixo discontinuos dos seguintes postos:

3 Conductores motobomba incendios forestais.

2.-CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS:

Grupo. Asimilado a un Grupo C2 de funcionarios.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo discontinuo.

Adscrición: Servizos de Medio Ambiente.

Postos: FD0004 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

Condución do camión-motobomba e funcións de apoio como operario nas labores de loita contra os incendios forestais. Estes postos están suxeitos a quendas en calquera día da semana, sen prexuízo dos descansos regulamentarios.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 3

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a)Xerais: Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

***Específicos.**

O título de Graduado Escolar, Graduado en E.S.O. ou titulación equivalente ou superior.

Permiso de conducir da clase “C” para camións.

Deberá aportarse xunto coa solicitude **certificado/informe médico que acredite estar apto** para a realización da proba práctica prevista así como para o desempeño das labores correspondentes na loita contra os incendios forestais e máis para as funcións de conductor de camión motobomba.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como empregado laboral interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no BOE e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal (artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.)

8. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de vinte días hábiles** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 109.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicarse igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

B) Fase de oposición:

1.- Proba de Idioma galego.-

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou máis.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.**

2.- Proba de aptitude física.- Realizarase unha proba de aptitude física: A denominada “*proba de banco*” que se valorará conforme aos parámetros que se sinalan en cadro anexo.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio.

3.-Proba teórica de coñecementos: Test de 20 preguntas con tres ou catro respostas alternativas por pregunta nun tempo máximo de 40 minutos, segundo o temario que se anexa a continuación.

Puntuarase de 0 a 10 puntos. Cada resposta correcta valorarase con 0,50 puntos.

As respostas en branco non puntuarán.

Exercicio será obrigatorio e eliminatorio

Temario:

A) Parte Xeral:

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.-. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Barrios. Lugares de interese no territorio municipal.

B) Parte específica:

Tema .- Comportamento do fogo. Definición. Mecanismos de transmisión. Clases de fogos forestais.

Tema 7.-Partes dun incendio. Combustibles forestais. Influencia da orografía e meteoroloxía.

Tema 8.- Medios de vixilancia e extinción. Medios aéreos.Brigadas helitransportadas.Medios terrestres.

Tema 9.- Vehículos de extinción. Bombas de auga e motobombas. Brigadas de extinción.

Tema 10.-Conducción dun vehículo todoterreo. Conduccion hacia o fogo, aproximación e estacionamento do vehículo.

Tema 11.- Técnicas de extinción.

Tema 12. Primeiro ataque e remate o incendio. O contralume. O tendido da manguera e a súa organización. A liña de deensa. Os retardantes.

Tema 13.-A prevención de incendios. Ferramentas manuais para extinción de incendios.

Tema 14.- Motoserras e rozadoras. Uso e mantemento. Seguridade no seu uso.

Tema 15.- Cartografía e orientación. Mapas. Compás. Rumbos.

Tema 16.- Equipos de comunicacións. Tipos. Normas de uso e mantemento. Organización das comunicacións.

Tema 17.- Lei 3/1995, de 8 de novembro de protección de riscos laborais. Primeiros auxilios en caso de accidente.

Tema 18.- Lei 3/1995, de 8 de novembro de protección de riscos laborais. Política en materia de protección de riscos para protexer a seguridade e saúde no traballo.

Tema 19.- Lei 3/1995, de 8 de novembro de protección de riscos laborais. Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores.

Tema 20.- Lei 3/1995, de 8 de novembro de protección de riscos laborais. Servizos de prevención.

4.-Proba práctica: Realizarase unha proba de manexo das ferramentas de uso cotiá nas labores de extinción de incendios consistente na roza de matorral baixo, abrindo unha liña ata o solo mineral de 0,5 m. de ancho por 5,00 m. de lonxitude aproximadamente, nun tempo máximo de 10 minutos.

Puntuarase de 0 a 10 (cero, si tarda mais de 10 minutos).

Este exercicio cualificarase polo tribunal atendendo aos coñecementos, destreza e disposición de cada aspirante.

Serán eliminados aqueles que non acaden unha puntuación mínima de 5 puntos.

*O Organo de selección poderá desenvolver e especificar os criterios de valoración e cualificación dos exercicios debendo facelos públicos con antelación á celebración dos mesmos para coñecemento dos aspirantes.

B)Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11.TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O tribunal poderá contar **con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

O Tribunal queda igualmente autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado laboral a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumpridos os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- 4.- Certificado de antecedentes penais e declaración complementaria de conduta cidadá.
- 5.- Declaración responsable de non ter sido separado dos servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 6.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 7.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 8.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- 9.- Certificado bancario co número de conta bancaria-IBAN.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter fixo-discontinuo será publicado no BOP de Lugo.

15.- BOLSA DE TRABAJO.-

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resultaran contratadas por exceder do número de prazas previsto serán incluídas nunha bolsa de traballo para futuras contratacións que resultaran necesarias ordeadas segundo a puntuación obtida.

16.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Ribadeo, 9 de maio de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

ANEXO I

Cuadro A

COEFICIENTE DE SALUD (mujeres)

③

② Pulsaciones después del ejercicio

45											29	29	29
44										30	30	30	30
43									31	31	31	31	31
42			32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32
41			33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33
40			34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
39			35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
38			36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
37			37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
36		37	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38
35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39
34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40
33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41
32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42
31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44
29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45
28	45	45	46	46	46	46	47	47	47	47	47	47	47
27	46	46	47	48	48	49	49	49	49	49	49	49	49
26	47	48	49	50	50	51	51	51	51	51	51	51	51
25	49	50	51	52	52	53	53	53	53	53	53	53	53
24	51	52	53	54	54	56	56	56	56	56	56	56	56
23	53	54	56	56	56	57	57	57	57	57	57	57	57

① Peso en Kg.

COMO USAR LAS TABLAS:

- ① Buscar su peso.
- ② En la columna encontrar el número de pulsaciones después de hacer ejercicio.
- ③ En la fila que indica las pulsaciones, encontrar la tasa de aptitud en la columna que indique su peso.
- ④ Con el coeficiente de salud pasar al cuadro ②.
- ⑤ Encontrar el resultado ajustado por edad junto a la edad más cerca a la suya.

COEFICIENTE DE SALUD (hombres)

③

② Pulsaciones después del ejercicio

45	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	32	32
44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33
43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	34	34
41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	35	35
40	37	37	37	37	37	37	37	37	36	36	36	36	36	36
39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37
38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39
36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
33	46	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44	44
32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
31	48	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
30	50	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48
29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	52	52	51	51	51
27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	54	53	53	53	52
26	57	57	58	56	56	56	56	56	56	56	56	56	54	54
25	59	59	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	56
24	60	60	60	60	60	60	60	59	59	59	58	58	58	57
23	62	62	61	61	61	61	61	60	60	60	60	59	59	59
22	64	64	63	63	63	63	62	62	61	61	61	61	61	61
21	66	66	65	65	65	64	64	64	62	62	62	62	62	62
20	68	68	67	67	67	66	66	66	66	66	66	66	66	66

① Paso en Kg.

Cuadro B

Tomar el resultado (del ③) y ajustar por edad.


⑤

15	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	74	75	76
20	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
25	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72
30	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71
35	27	28	29	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	
40	26	27	28	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	
45	25	26	27	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66		
50	24	25	26	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64			
55	23	24	25	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62				
60	22	23	24	25	26	27	28	30	31	32	33	34	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60						
65	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58						

④ **COEFICIENTE DE SALUD (del ③)**

De la intersección de la columna del coeficiente de salud y de la fila de la edad más próxima obtenemos la capacidad aeróbica.

- Capacidad aeróbica igual o superior a 45: Brigadas Especiales.
- Capacidad aeróbica entre 40 y 45: Otras Brigadas.
- Capacidad aeróbica menor de 40: No apto para la extinción de incendios forestales.



Subida y bajada del banco

ANEXO II**FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.****a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.**

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,15 puntos por mes completo acreditado.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas,coa seguinte valoración.

Cursos de 100 ou mais horas..... 2,00 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 1,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas..... 0,75 puntos.

Cursos de 10 a 39 horas.....0,50 puntos.

Cursos de menos de 10,00 horas..... 0,20 puntos

R. 1196

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 10 de maio de 2022, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 10 de maio de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1197

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/03508

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 19 de abril de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Olga Álvarez González, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,24 l/s de agua procedente del manantial Fonte da Canteira, en el lugar y parroquia de Penarrubia (Santa María), término municipal de Baralla (Lugo) para riego de 1 ha.

Lugo, 29 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1198

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

A/27/39143

El Ayuntamiento de Carballedo, con N.I.F. * **0090**, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución de un paseo y dos pasarelas peatonales en dominio público hidráulico y en zona de policía de ambas márgenes del río Bubaíño, en A Barrela, término municipal de Carballedo (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 5 de maio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1199

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/31380

La Comunidad de usuarios de Agua de Berselos solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,062 l/s de agua procedente del arroyo Rego de Aereluz, sito en el lugar de Berselos, parroquia de Berselos (San Martiño), en el término municipal de Baralla (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

La captación se realiza en el arroyo de Aereluz mediante una tubería perforada de polietileno. El agua es conducida por gravedad hasta los depósitos desde donde parten las tuberías que distribuyen el agua a las instalaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Baralla, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 29 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1200

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30202

Comunidad de Usuarios de Paderne solicita el aprovechamiento de 0,3207 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela catastral 122 polígono 35, parroquia de Vilamaior (Santa María), en el término municipal de Sarria (Lugo) para abastecimiento y usos ganaderos

La captación se realizará en un pozo de 3 m de profundidad del que parte una tubería de PVC por la que se conducen las aguas hasta el depósito. Desde éste parten las conducciones por las que circulan las aguas a las viviendas y explotaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Sarria, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 29 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1201